



ELECCIÓN DOS REPRESENTANTES DE PAIS, PAIS E TITORES/AS LEGAIS AO CONSELLO ESCOLAR

De acordo coa Resolución do 6 de setembro de 2010, da Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa, pola que se establece o calendario para a celebración de eleccións de membros dos consellos escolares de centros de educación non universitaria (DOG do 18), a XUNTA ELECTORAL deste Centro, en virtude das atribucións que lle son conferidas pola lexislación vixente, dispón a convocatoria de eleccións ao Consello Escolar, **SECTOR DE PAIS E NAIS DO ALUMNADO**, segundo as seguintes normas:

1. De acordo co disposto no artigo 40 do Decreto 324/1996, do 26 de xullo (DOG do 09/08/1996), redactado conforme ao establecido na disposición adicional terceira.1 do Decreto 7/1999, do 7 de xaneiro (DOG do 26), corresponde elixir no presente proceso electoral a **dous pais/nais**, dun total de tres que debe ter o Consello Escolar. O outro representantes de pais/nais continúan como consecuencia da súa elección anterior no ano 2008.
2. Son electores todos os pais e nais ou, se é o caso, os titores/as legais do alumnado matriculado no Centro e incluídos no Censo correspondente que a partir do día da data está exposto no taboleiro de anuncios. As reclamacións ao referido Censo realizaranse mediante escrito razoado dirixido á Xunta Electoral, ata as 12'00 horas do día 18 de novembro.
3. Son elixibles os pais e nais ou, se é o caso, os titores/as legais, que formulen a súa candidatura oficial segundo o modelo que se facilitará na Secretaría do IES. As **candidaturas** poderán ser presentadas desde o día 8 ata as 12'00 horas do citado día **18 de novembro**.
4. O sorteo dos membros da **mesa electoral** realizarase en acto público, entre os pais/nais que non se presenten como candidatos/as, o día 24 de novembro, ás 12'05 horas. Dita mesa electoral estará composta polo/a Director/a do Centro, que actuará como Presidente/a, e catro pais/nais ou titores/as legais, actuando de secretario/a o de menor idade.
5. A campaña electoral comprenderá dende o 19 ao 26 de novembro, ambos días inclusive. As dependencias e servizos do Centro estarán a disposición dos candidatos/as, previa petición ao presidente/a da Xunta Electoral, sempre que o seu uso non altere o normal funcionamento educativo do IES. A véspera das votacións, non se poderá facer campaña electoral.
6. As **votacións** realizaranse neste IES o **día 29 de novembro, de 19 a 21 horas**. A mesa electoral será constituída o mesmo día, en acto público, ás 18'45 horas.
7. Na papeleta de votación cada elector/a fará constar **un nome** dos candidatos presentados, debendo acreditar a súa personalidade á hora de votar, mediante exhibición do D.N.I. ou documento similar. O voto será directo, secreto e non delegado e non se admitirá o voto por correo.
8. Teñen dereito ao voto o pai e a nai ou, se é o caso, o titor/a legal do alumnado.
9. Finalizada a votación procederase ao escrutinio dos votos, que será público, e unha vez realizado, levantarase acta para ao seu envío a Xunta Electoral do Centro.
10. A Xunta Electoral do Centro resolverá as dúbidas e reclamacións que se poidan formular.

Esperamos a vosa participación neste proceso.

Recibide un afectuoso saúdo.

A Serra de Outes , 4 de novembro de 2010

O/A DIRECTOR/A DO CENTRO E
PRESIDENTE DA XUNTA ELECTORAL,

Asdo.: Daniel Losada Andreu